

LINGUA E SOCIEDADE 2º BACHARELATO

TEMA 1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

TEMA 2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

TEMA 3. O galego, lingua en vías de normalización.

TEMA 4. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

TEMA 5. O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

TEMA 6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Un destes temas é obrigado na pregunta 6 da proba das ABAU. Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, sendo orientativa unha extensión aproximada de 200 ou 250 palabras. Ao tratarse dunha extensión breve, valorarase a capacidade para seleccionar e presentar a información máis relevante, así como para evitar divagacións e xeneralidades.

TEMA 1. ESTEREOTIPOS E PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS: A SÚA REPERCUSIÓN NOS USOS.

En Galicia existe, desde finais da Idade Media, unha situación de **diglosia** ou **bilingüismo diglósico**, é dicir, a coexistencia desequilibrada de dúas linguas, usadas en ámbitos distintos e que teñen un valor social diferente: unha *lingua en expansión*, o castelán, que foi ocupando progresivamente os ámbitos e as funcións de prestixio (medios de comunicación, ensino, ciencia...); e unha *lingua minorizada*, o galego, lingua propia que sofre un proceso de substitución lingüística ao ser desprazada dos usos de prestixio e quedar relegada ás funcións informais, cotiás e familiares.

Esta marxinação do galego provocou que se asentase en boa parte da sociedade un fondo complexo de inferioridade denominado **autoodio**, un sentimento de rexeitamento e de desprezo polos sinais de identidade propios. Xurdiron así, os **prexuízos lingüísticos**: valoracións e actitudes negativas sobre o galego e sobre os seus falantes co obxectivo de provocar o seu rexeitamento. Están baseados na contraposición entre linguas que se consideran “boas, útiles e importantes” e outras que non o son. Son, xa que logo, un obstáculo para a normalización lingüística.

Debido a estes prexuízos, fóronse creando tamén unha serie de **estereotipos** ou ideas simplificadoras e irracionais sobre a nosa lingua e sobre os seus falantes (*os galegos son brutos, o galego soa mal...*)

Os prexuízos non son estáticos, van cambiando coa sociedade, podendo así falar de:

Prexuízos vellos ou tradicionais (socioeconómicos, socioculturais e estéticos) que asocian o galego cunha lingua vinculada co mundo rural, a pobreza, a ignorancia e o atraso. Os máis común son; o galego é rudo e soa mal; fóra de Galicia non ten utilidade; é un atranco para atopar traballo; é descortés usalo cando nos falan castelán; non é unha lingua apropiada para a ciencia, a música moderna, as traducións doutros idiomas...

Estes vellos prexuízos foron sufrindo progresivamente un retroceso na sociedade e xa poucas persoas defenden que é unha lingua inferior; porén, nacen **Prexuízos novos**: rexeitase o galego normativo porque é un “invento” artificial, non é “auténtico”, pero, asemade, é mellor non falalo que facelo mal; é unha lingua con poucos falantes; unha minoría pretende a súa imposición ao resto da poboación; é a lingua dun grupo ideolóxico, político ou profesional determinado; os neofalantes emprégano por chamar a atención, por unha pose intelectual; non ten cabida no mundo actual, globalizado e con Internet...

Os prexuízos lingüísticos están moi estendidos e teñen **graves consecuencias**: afectan moi negativamente ao autoconceito individual e colectivo, son discriminatorios, manteñen os usos diglósicos, provocando o abandono da lingua e a ruptura da transmisión xeracional.

É importante poñelos ao descuberto e combatelos para evitar a súa transmisión. A única forma de eliminalos é coñecer as causas que os provocan e cuestionar o discurso establecido.

TEMA 2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

Enténdese por **normativización** o proceso de elaboración dunha **norma estándar da lingua** que sirva como modelo de corrección a todos os falantes nos usos cultos e formais, tanto orais coma escritos. Trátase de crear unha gramática e de establecer as normas ortográficas e morfolóxicas, así coma o léxico correcto que debemos empregar. Na maioría das linguas románicas o proceso de construción da variante estándar levouse a cabo desde o século XVI, pero no caso do galego, os primeiros intentos remóntanse ao século XIX, cando empezou a recuperarse como lingua da literatura.

No proceso de normativización do galego distínguense catro etapas:

1. Galego popular e dialectal (século XIX). Os autores do Rexurdimento carecen dunha norma (descoñecen a literatura medieval), polo que empregan a lingua oral da súa zona, seguindo a ortografía castelá e empregando un léxico inzado de dialectalismos, vulgarismos e castelanismos. Conscientes da necesidade dunha norma común, aparecen as primeiras gramáticas e dicionarios, pero carecen de rigor, e non se chega a un acordo.

2. Galego enxebriista ou diferencialista (etapa de preguerra). Ten a súa orixe na intención dos autores das Irmandades e do Grupo Nós de diferenciar o galego escrito do castelán. Este obxectivo lévaos a empregar numerosos cultismos, hipergaleguismos, arcaísmos e lusismos, ao tempo que eliminan os dialectalismos. Nesta etapa inténtase a estandarización do galego coas *Normas para a unificación do idioma galego*, publicadas polo SEG en 1933, pero que non chegaron a consolidarse. A RAG tampouco conseguiu elaborar unha gramática nin un dicionario

3. Galego protoestándar (1936-1980). A Editorial Galaxia elaborou nos anos 50 unhas normas internas que servisen de referencia aos escritores. En 1970, a RAG e o ILG (Instituto da Lingua Galega) publican *Normas ortográficas para a unificación do idioma galego*. Buscábase simplificar a ortografía a gramática e corrixir progresivamente os excesos de diferenciación do castelán da etapa anterior.

4. Galego estándar (1980 á actualidade). O galego convértese en lingua cooficial co Estatuto de Autonomía (1981), comezando a usarse en ámbitos dos que estaba desterrado: ensino, Administración, medios de comunicación... Isto esixía a elaboración dunha norma estándar. En 1982, o ILG e a RAG publican *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas e aceptadas como **oficiais** pola Xunta de Galicia. Esta normativa tivo reaccións en contra por parte do **reintegracionismo**, defensores dun maior achegamento ao portugués. Entre estas dúas tendencias existe unha intermedia, a de **mínimos reintegracionistas**, que pretende un achegamento progresivo ao portugués especialmente no léxico, porque a aproximación completa da ortografía resultaría actualmente difícil de acadar.

A solución a este enfrontamento chegou coa **modificación das normas en 2003**, introducindo cambios que serviron de achegamento, especialmente no que se refire a buscar a referencia no portugués para os termos científicos e técnicos.

A norma estándar debe excluír **as desviacións da norma e as interferencias**.

As desviacións da norma son todas as formas que non coinciden co estándar:

- **Dialectalismos.** Son formas propias dunha área xeográfica concreta. Fonéticos (*sapato, ghato, truita, muito*) e morfolóxicos (*o irmao, os ladrois, iste...*)
- **Vulgarismos.** Deformacións propias da lingua oral coloquial: *apalpar, indición, esame, verdá, probe, perfeuto, vran, pra, sasenta*
- **hipergaleguismos** ou **hiperenxebrismos.** Palabras galegas coincidentes co castelán que son deformadas por diferencialismo: *convinte, ambente, primaveira, escea, gasolina, medicina, sinceiro, a pesares, a partires...*
- **Arcaísmos.** Formas en desuso exclusivas dos usos formais: *vegada, ren, conquistar, cor...*

As interferencias son prestamos innecesarios, elementos lingüísticos para os que xa existe unha palabra propia na lingua receptora. No caso do galego, os **castelanismos** son a interferencia máis frecuente, aínda que na actualidade son moitas tamén as interferencias do inglés (anglicismos). Tipos:

- Os **castelanismos léxicos:** son os máis abundantes, substituindo as formas propias (*arcilla, plomo, carretera...*; convivindo con elas, pero restrinxindo o seu significado (*billa- grifo, vasoira-escoba, tixola- sartén...*); creando formas erróneas de aparencia galega (*conexo, cexa, antoxo...*): potenciando os sinónimos coincidentes co castelán (*enfermo- doente, labios- beizos*) e os termos de significado xeral en detrimento dos específicos galegos (*último- derradeiro; romper- esnaquizar, rachar, crebar...*)
- **castelanismos fónicos:** non distinción, por exemplo, de vogais medias abertas e pechadas.
- **castelanismos morfosintácticos:** erros no xénero, na colocación dos pronomes átonos, formas verbais compostas con haber, ausencia do artigo diante do posesivo...
- **castelanismos ortográficos:** uso da ortografía castelá en lugar da galega (*Boda, armonía, abogado, Kilo...*)

TEMA 3. O GALEGO, LINGUA EN VÍAS DE NORMALIZACIÓN.

O galego é, desde finais da Idade Media, unha **lingua minorizada** porque está nunha situación de desequilibrio ou desvantaxe con respecto ao castelán, **lingua dominante ou en expansión** que goza de maior prestixio social e desenvolve as función elevadas, podendo provocar a substitución lingüística.

Para superar esta situación acadar un uso normal da lingua, cómpre levar a cabo o proceso contrario, coñecido como **proceso de normalización lingüística**, que ten o obxectivo de conver esa lingua en vehículo normal de comunicación entre os cidadáns do territorio, recuperando o seu uso en todos os ámbitos da vida por parte de todos os estamentos sociais.

Tras a etapa dos Séculos Escuros, o galego comezou timidamente o **proceso de normalización no século XIX**, ao recuperarse como para os usos literarios.

Este proceso experimentou un importante avance na **preguerra**, mais durante a **ditadura**, sufriu de novo un enorme retroceso. Teremos que agardar á **etapa democrática** para ver importantes avances na normalización do galego, porque **o novo marco legal** (Constitución de 1978, Estatuto de Autonomía de 1981 e a Lei de Normalización Lingüística de 1983) proclámao **lingua cooficial** e permite avances normalizadores en diferentes ámbitos: nas administracións; no ensino, coa introducción do estudo do galego e do seu uso como lingua vehicular; nos medios de comunicación públicos, coa creación da radio e da TVG...

Para acadar con éxito o proceso de normalización cómpre a **intervención de diferentes sectores sociais**: das institucións públicas (Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Parlamento, Universidade, deputacións, concellos...), a acción de colectivos non institucionais (asociacións culturais, profesionais...) e a acción individual.

Actualmente hai **factores favorables á normalización lingüística**: menos prexuízos lingüísticos, mellor valoración social do galego, maior presenza en sectores urbanos e instruídos, no mundo da cultura; regaleguización de persoas castelanfalantes...

Pero segue habendo **factores negativos que inciden negativamente na normalización**: a pervivencia dos prexuízos, usos rituais da lingua, actuacións políticas non favorables, actuacións de asociación minoritarias contrarias ao galego (Galicia bilingüe), perda continuada de falantes e ámbitos nos que non avanza o proceso normalizador (sanidade, xustiza, comercio, publicidade, Igrexa, sectores do ensino, medios de comunicación privado)

Nunca, desde a Idade Media, se dispuxo de tantas armas para a normalización lingüística, pero, asemade, nunca o perigo de substitución foi tan claro debido á perda continuada de falantes, sobre todo pola ruptura da transmisión xeracional da lingua.

En definitiva, o proceso de normalización está nun momento decisivo, e o éxito do mesmo dependerá do interese e da eficacia das institucións e da toma de conciencia da cidadanía.

Notas:

- (1) Ás veces, as linguas minorizadas cualifícanse erroneamente como **linguas minoritarias** (que dependen do número de falantes) equiparando ambos termos, pero non sempre é así: hai linguas que teñen unha porcentaxe de falantes superior á lingua dominante e están minorizadas (o sardo é máis falado có italiano na illa de Sardeña, e o ococitano está a piques de desaparecer en Francia, malia pertencer a unha comunidade duns 11 millóns de habitantes). Pola contra, existen linguas minoritarias que teñen un uso normalizado (o islandés, con 300.000 falantes), e unha lingua normalizada e oficial nun estado, pode estar minorizada noutro: o castelán, maioritaria e dominante en España, é minoritaria e está minorizada en USA. Ademais, o concepto de lingua minoritaria é relativo, xa que depende do marco de referencia no que nos situemos.
- (2) A **Lei de Normalización Lingüística** recolle os dereitos lingüísticos en Galicia, a coficialidade do galego na Administración Autonómica e municipal, o uso do galego no ensino e nos medios de comunicación e a responsabilidade dos poderes públicos na protección e fomento do galego.
- (3) A **Secretaría Xeral de Política Lingüística**, depende da Consellería da Educación, é a encargada desde 1983 da recuperación e promoción do galego na Administración e na sociedade en xeral, pero resulta evidente que non conseguiu frear a substitución do galego polo castelán).
- (4) **Organizacións non institucionais que desenvolven un importante labor normalizador:** Mesa pola Normalización Lingüística, Asociación Socio-Pedagóxica galega, Pais e Nais polo Ensino en Galego, Mocidade Pola Normalización Lingüística...

TEMA 4. O GALEGO NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX. Características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A comezos do século XX, o galego segue a ser a **lingua maioritaria** pero continúa nunha **situación de diglosia**: o castelán é a lingua máis prestixiada, a do ascenso social e do medio urbano, con presenza maioritaria nos ámbitos cultos e formais.

Con todo, o **proceso de recuperación do galego** iniciado no Rexurdimento, rexistra agora un importante avance, usándose en ámbitos dos que desaparecera ou ben tiña pouca presenza ou ninguna: narrativa, teatro, ensaio, discurso político, correspondencia privada...

Os logros fundamentais neste proceso de normalización e dignificación do galego foron protagonizados polo **movemento galeguista** e polas **organización e grupos inscritis no mesmo**:

As Irmandades da Fala (1916) teñen como principal obxectivo a defensa, dignificación e expansión do idioma en todos os ámbitos. Editaron o periódico *A Nosa Terra*; potenciaron o teatro; fixeron proxectos para a galeguización do ensino e doutros ámbitos; fundaron editoriais (Lar, Nós) para dar sobre todo a coñecer a nova prosa.

O Grupo Nós. Modernizaron os xéneros menos desenvolvidos (a narrativa e teatro) e crearon ensaio galego. Estenden o galego a toda as formas de relación que ata entón o excluían: mítins, anuncios comerciais, correspondencia privada, conferencias, etc.

A súa empresa máis significativa foi a publicación da **revista Nós** (1920-1936), onde publicaron traballos literarios e doutras temáticas, demostraron a validez do galego para o tratamento de todo tipo de temas.

O Seminario de Estudos Galegos (1923-1936), fundado por alumnos e profesores universitarios, ten o obxectivo de estudar Galicia en todos os aspectos (etnografía, xeografía, arqueoloxía, historia, arte, ciencias naturais). Nace con eles o ensaio en galego.

O Partido Galeguista (1931) integra os membros máis coñecidos das Irmandades e o Grupo Nós. O seu obxectivo fundamental era a consecución do autogoberno a través dun **Estatuto de Autonomía**, aprobado en referendo en 1936. Nel promulgábase a cooficialidade do galego, introducíndoo no ensino e na Administración, pero o alzamento militar impediu poñelo en práctica.

CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS. Malia a fundación da RAG 1906 e a pesar dos intentos do SEG, que chegou a publicar *Algunhas normas prá unificación do idioma galego* en 1933, non se acadou unha norma estándar.

De todos os xeitos, o esforzo dos escritores fixo que se acadase un galego culto supradialectal. É o que coñecemos como **galego enxebrista**, que se caracteriza por intentar diferenciarse do castelán. Neste afán, para cubrir lagoas léxicas acoden ao portugués ou ao galego antigo. Destaca o uso de arcaísmos, vulgarismos e hiperenxebristismos.

Elaboráronse tamén algúns dicionarios e gramáticas de certo interese, coma a de Carré Alvarellos (Compendio de gramática galega) e Lugrís Freire (Gramática do idioma galego).

TEMA 5. O GALEGO DE 1936 A 1975. Características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A ditadura franquista exerceu unha durísima represión contra a lingua e contra os intelectuais galeguistas, derrubando os logros da etapa anterior e creando de novo unha situación de diglosia extrema: o castelán volve ser a única lingua valorada socialmente e usada nos ámbitos formais; o galego, aínda que segue a ser a lingua máis falada, queda absolutamente desprestixiado e reducido ao uso familiar e informal. Diversos decretos prohíben o uso do galego e calquera defensa do mesmo convértese nun acto perigoso.

Ata os anos 50 non existe ningunha actividade cultural en galego, excepto no **exilio**.

Na década dos 50 iniciase unha apertura forzada da ditadura que permite certa actividade cultural e editorial na nosa lingua. O máis destacable foi a creación da **editorial Galaxia** (1950) por un grupo de intelectuais galeguistas que pretendían recuperar o prestixio e as funcións galego como lingua da literatura e da cultura.

Nos anos 60 e 70 comeza un certo aperturismo do réxime que permite reavivar a vida cultural en galego:

- Xorden partidos políticos nacionalistas clandestinos e asociacións culturais (O Galo, O Facho) que promoven o uso do galego.
- A RAG instaura o Día das Letras Galegas en 1963.
- En 1965 créase a cátedra de Lingua e Literatura Galega na Universidade e ofrécese como materia optativa na carreira de Filosofía e Letras; diversos colectivos estudantes converten o galego na súa lingua habitual e promove actividades culturais na nosa lingua.
- En 1968 créase o centro de investigación Instituto da Lingua Galega
- Xorde o movemento da *Nova Canción Galega*, impulsada polos cantautores de *Voces Ceibes*.
- Triunfa a poesía de compromiso social (Celso Emilio) e faise unha posta ao día da narrativa (Cunqueiro, Blanco Amor, Nova Narrativa Galega).

Malia este avance nos usos do galego, nestas décadas produciuse unha **castelanización masiva da sociedade**, na que influíron decisivamente tres factores: o éxodo da poboación agraria cara ás cidades, xa castelanizadas; o aumento da escolarización (só en castelán) e a popularización dos medios de comunicación de masas, tamén só en castelán (prensa, radio e a aparición da TV).

CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS. Ao non haber unha norma estándar, a editorial Galaxia elaborou unas normas internas para simplificar o galego escrito. É o que coñecemos como **galego protoestándar**, caracterizado pola simplificación da ortografía (supresión de guións e apóstrofes) e a depuración do léxico (rexéitan os dialectalismos, arcaísmos, hipergaleguismos e castelanismos). Contribúen tamén á corrección da lingua, a publicación de novos dicionarios, a incorporación da lingua e da literatura galegas aos estudos universitarios e a creación do **Instituto da Lingua Galega**, que publica, nos 70, o primeiro método para a aprendizaxe do galego (*Galego I, II e III*)

A principios dos 70 a **RAG** publica as primeiras “normas” do galego, antecedentes da actual normativa.

TEMA 6. O galego a finais do Século XX e comezos do XXI: Características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Coa Democracia nace un **novo marco legal** grazas ao que se amplían os usos do galego e se elabora a norma estándar. A nova situación lexíslase nos seguintes textos:

- **Constitución española (1978)**: establece o castelán como lingua oficial do Estado e a **cooficialidade** de linguas nas comunidades con lingua de seu, se así o decretan os seus estatutos de autonomía.
- **Estatuto de Autonomía (1982)**: declara o galego como **lingua propia** de Galicia e **cooficial** co castelán, e establece a obriga dos poderes públicos de promocioalo e impide a discriminación polo uso da lingua.
- **Lei de Normalización Lingüística (1983)**: recolle as bases do proceso de normalización, desenvolve os dereitos lingüísticos e regula o uso oficial do galego nas diferentes administracións e servizos (Xunta, Parlamento, concellos, medios de comunicación, ensino)
- **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004)** constituído por 445 medidas para potenciar o galego.

(As leis agochan un desequilibrio a favor do castelán, única lingua para a que se establece o **dereito** de usala e o **deber** de coñecela)

Na etapa democrática acadáronse **avances significativos na normalización do galego**, presente en ámbitos antes impensables e mellor valorado que en épocas anteriores. Con todo, seguen existindo prexuízos e unha situación de diglosia, cun claro desequilibrio a favor do castelán. Analizamos a súa **presenza nos principais sectores**:

Na **Administración** avanzouse no uso do galego de xeito desigual: a **Xunta e o Parlamento**, están case normalizados na escrita e no uso oral dos altos cargos (aínda que ultimamente se está a producir un retroceso). Tamén foi significativo o avance na **Administración municipal**, cunha progresiva galeguización nas últimas décadas. Pola contra, a **Administración de Xustiza** é reacia (cando non hostil) ao uso do galego (a presenza do galego nos xulgados ronda o 3%)

O ensino é un medio estratéxico para a normalización dunha lingua, pero no caso galego segue a funcionar como elemento desgaleguizador (Si asistimos a unha mellora da competencia leen lectura e escritura). Implantouse a **ensinanza da lingua galega** nos niveis non universitarios desde principios dos 80, tamén como **lingua oficial da administración educativa**. En 2007 entra en vigor un decreto que establece que o galego dee ser **lingua vehicular** doutras materias como mínimo no 50% (nunca se chegou a cumprir, sobre todo no ensino privado e en moitos centros públicos urbanos). O Decreto de plurilingüismo de 2010 reduciuno a un máximo do 30% .

Na Universidade, presenza do galego nas aulas e na investigación é minoritaria.

Nos **medios de comunicación**, o dominio do castelán é absoluto: desapareceron os poucos xornais que había en galego, nos **audiovisuais e na rede** a presenza do galego tamén é moi minoritaria: fronte á **Radio Galega** e á **TVG (1985)** hai unha esmagadora presenza de emisoras e canles en castelán; é máis esperanzador o uso do galego **na internet**, con presenza de portais e xornais dixitais.

Nos sectores socioeconómicos e empresariais tamén predomina o castelán.

A **Igrexa** desempeñou un papel histórico de castelanización e segue allea ao uso do galego.

Estes avances nos diferentes sectores non compensan o aspecto máis negativo: **a perda de falantes**, especialmente entre a xente nova, arrastrada polo proceso de urbanización (sobre todo nas vilas medias e incluso no ámbito rural), polo predominio do castelán nos medios de comunicación, pola feble política normalizadora do ensino e pola perda da transmisión xeracional da lingua. **Segundo o último estudo do IGE de 2014, o galego deixou de ser por primeira vez na historia a lingua habitual da maioría da poboación, pasando nunha década do 57% ao 45%.**

CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS.

En 1982, o ILG e a RAG publican *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas e aceptadas como **oficiais** pola Xunta de Galicia. Esta normativa tivo reaccións en contra por parte do **reintegracionismo**, defensores dun maior achegamento ao portugués. Entre estas dúas tendencias existe unha intermedia, a de **mínimos reintegracionistas**, que pretende un achegamento progresivo ao portugués especialmente no léxico, porque a aproximación completa da ortografía resultaría actualmente difícil de acadar.

A solución a este enfrontamento chegou coa **modificación das normas en 2003**, introducindo cambios que serviron de achegamento, especialmente no que se refire a buscar a referencia no portugués para os termos científicos e técnicos.

Complementábase con diversas gramáticas e dicionarios (dicionarios da RAG, Xerais, Galaxia, Ir Indo...)